

PREGUNTA DE AER SOBRE OS ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS

PLENO 4 XULLO 2013. ACTA 13/2013

Pregunta presentada polo grupo municipal AER da seguinte tenor literal:

“Anteriormente á conformación dos orzamentos do 2013, a Agrupación de Electores de Redondela presentou neste pleno unha moción confeccionada por Esquerda Unida na cal solicitabamos a inclusión dunha partida específica para orzamentos participativos.

Esta moción foi aprobada. Nos orzamentos deste ano 2013 aparece unha partida específica para orzamentos participativos. Sabemos a contía de dita partida, pero o que non sabemos é a maneira de reparto, o tipo de proxectos que se poden presentar, quen os presenta, como se avalían, etc. Tampouco temos constancia de ningunha proposta nin petición de proposta con respecto ás bases dos orzamentos participativos. Dado o apuro, posto que xa estamos ás portas de agosto, para a determinación do procedemento e partidas para cada parroquia correspondente aos orzamentos participativos, consideramos que deberían convocar con carácter extraordinario tódolos consellos parroquiais, con este tema como único punto na orde do día. Por todo o anterior, preguntamos:

Cando teñen pensado reunirse cos distintos grupos políticos e agrupacións veciñais para recoller propostas e informar do que demanden sobre os orzamentos participativos co fin de poñelos en marcha ?”

A concelleira Sra. Quelle Fernández sinala que en breve vaise convocar aos consellos parroquiais e aos grupos políticos con representación municipal para que poidan achegar as súas propostas para os orzamentos participativos.